

## **Boletín Nº 300. Viernes, 31 de diciembre de 2004**

### **ORDENANZA FISCAL Nº 10-T**

#### **REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE PISCINAS E DEMAIS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

##### **Artigo 1º . Fundamento e natureza.**

Ó amparo do previsto nos artigos 57 e 20, epígrafes 1 e 4.o) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello establece a "taxa pola utilización de piscinas e demais instalacións deportivas municipais ", que se rexerá polo citado RDL e pola presente ordenanza fiscal.

##### **Artigo 2º . Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización de piscinas e demais instalacións deportivas municipais especificadas nas tarifas contidas no artigo 6º da presente ordenanza.

##### **Artigo 3º . Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que se beneficien da utilización ou dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible da taxa.

##### **Artigo 4º . Responsables.**

A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte ó procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

##### **Artigo 5º . Beneficios fiscais.**

1. De conformidade co disposto no artigo 24.4 do TRLRFL, estabécense as seguintes bonificacións en función de criterios de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacer-la taxa pola utilización de piscinas e demais instalacións deportivas municipais:

a) Concederáse unha bonificación do 100 % do importe da cota tributaria, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, e esten debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizos correspondentes, o acordo de concesión da bonificación será acordada polo órgano competente.

b) As persoas que acrediten formar familia numerosa, a partir do terceiro fillo, recoñéceselles ós subseguintes unha bonificación do 100% do importe da cota tributaria .

2. Os beneficios fiscais regulados no apartado anterior, só serán de aplicación a aquelas persoas que figuren empadroadas no Concello de Brión. A estes efectos acreditaráse a condición de veciño cunha certificación expedida nas oficinas municipais coa sintura do Sr. Alcalde.

##### **Artigo 6º . Cota tributaria.**

A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

**\* Epígrafe 1. Uso de instalacións deportivas municipais.**

**Pavillóns polideportivos municipais. Tarifas:**

**a) Utilización por grupos para fins deportivos sen cobro de entrada.**

Tarifa .- Concepto.- Tarifa

1.1.- Veciños do Concello.- 12,00 euros/ hora

1.2.- Personar de fóra do Concello .- 15,00 euros/ hora

**b) Utilización por grupos para fins deportivos con cobro de entrada.**

Tarifa .- Concepto.- Tarifa

1.3.- Veciños do Concello.- 12,00 euros/hora+15% recaudación

1.4.- Personar de fóra do Concello.- 15,00 euros/hora+15% recaudación

**c) Utilización por grupos para fins non deportivos .**

Tarifa .- Concepto.- Tarifa

1.5.- Sen cobro de entrada.- 120,00 euros

1.6.- Con cobro de entrada.- 120,00 euros+15% recaudación

**Piscinas municipais. Tarifas:**

Tarifa .- Concepto.- Tarifa

1.7.- Entrada persoal á piscina , maiores de 14 anos.- 1,20 euros

1.8.- Entrada persoal á piscina , nenos ata 14 anos.- 0,60 euros

1.9.- Abono por temporada ( 3 meses ) maiores de 14 anos.- 12,00 euros

1.10.- Abono por temporada ( 3 meses ) nenos ata 14 anos.- 6,00 euros

**Artigo 7º . Pagamento e período impositivo.**

A taxa devengarase no intre en que se presente a solicitude para o uso da piscina e demais instalacións deportivas .

**Artigo 8º . Réxime de declaración e ingreso.**

Tratándose da utilización da piscina e demais instalacións, a taxa recaudarase mediante autoliquidación, ingresando o seu importe o solicitante ó Concello e sempre antes de iniciar a ocupación ou a actividade deportiva.

#### **Artigo 9º . Infraccións e sancións.**

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

#### **Disposición adicional única**

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal

#### **Disposición derogatoria única**

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal reguladora taxa pola utilización de piscinas e demais instalacións deportivas municipais.

#### **Disposición Final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 12 de novembro de 2004 e entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local , comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005 , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes.